



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
Secretaría Xeral de Calidade
e Avaliación Ambiental

meteogalicia

Informe climatolóxico verán 2014

INFORME CLIMATOLÓXICO VERÁN 2014



ÍNDICE

1	INTRODUCCIÓN.....	3
2	BALANCE DA TEMPERATURA E PRECIPITACIÓN EN VERÁN 2014 EN GALICIA.	3
2.1.	Temperatura	3
2.2.	Precipitación	9
3	EVOLUCIÓN HISTÓRICA DA TEMPERATURA E A PRECIPITACIÓN DE VERÁN.....	13
3.1.	Temperatura	13
3.2.	Precipitación	16

Data edición: 23/9/2014



Verán en xeral húmido, sobre todo na vertente atlántica. Temperaturas medias normais ou preto dos valores normais.

1 INTRODUCCIÓN

A continuación preséntanse unha descrición climatolóxica que caracterizou á estación de verán (dende xuño de 2014 a agosto de 2014). Así analízanse os datos de temperatura e precipitación e a súa evolución no tempo considerando o período de referencia 1971-2000. Os criterios para definir as categorías climáticas correspondentes á precipitación e á temperatura móstranse na táboa 1.

Categoría PP	Porcentaxe de precipitación total rexistrada respecto da media climática	Categoría temperatura	Diferenza entre a temperatura media e a media climática.
Moi seco	<30%	Moi cálido	$\geq 3^{\circ}\text{C}$
Seco	Entre 30% e 90%	Cálido	Entre $+3^{\circ}\text{C}$ e $+0.5^{\circ}\text{C}$
Normal	Entre 90% e 110%	Normal	Entre 0.5°C e -0.5°C
Húmido	Entre 110% e 190%	Frío	Entre -0.5°C e -3°C
Moi Húmido	>190%	Moi Frío	$\leq -3^{\circ}\text{C}$

Táboa 1: Categorías para precipitación e temperatura.

Se falamos de temperatura media, enténdese por anomalía a diferenza entre a temperatura media deste verán e o valor climático obtido con respecto ó período de referencia 1971-2000. Para a variable precipitación enténdese por anomalía a porcentaxe da precipitación acumulada no verán respecto do valor da media climática correspondente.

2 BALANCE DA TEMPERATURA E PRECIPITACIÓN EN VERÁN 2014 EN GALICIA.

2.1. Temperatura

O verán comezou cun mes de xuño no que as temperaturas foron normais ou incluso algo máis cálidas do agardado. Aínda que houbo dous períodos fríos a principios e finais de mes, as elevadas temperaturas entre as xornadas do 11 ó 19, fixeron que a temperatura media chegara a valores elevados.



No mes de xullo a anomalía de temperatura tivo grandes contrastes entre o norte e o sur da Comunidade. Así, por exemplo, en moitas localidades da provincia de Ourense rexistráronse temperaturas que non acadaron os valores normais para o mes de xullo. Houbo cambios bruscos nos termómetros en períodos de 24-48 horas, pero alternaron momentos de temperaturas elevadas con outros de frío cadrando co paso dos sistemas frontais. Para Galicia ambas anomalías tenderon a cancelarse, predominando nalgúns casos as anomalías negativas.

En agosto as temperaturas estiveron por debaixo do agardado. Porén, houbo algúns puntos nos que a media achegouse á normalidade. O motivo desta anomalía atópase principalmente nos valores máximos. Houbo moitas xornadas nas que os ceos estiveron cubertos e con temperaturas considerablemente por debaixo do normal. As únicas xornadas con episodios de calor sucederon na fin de semana do 16 e 17 e nos derradeiros días do mes e. En canto ás mínimas, estiveron máis preto da normalidade.

Nas táboas 2 e 3 móstranse as temperaturas máximas máis altas rexistradas na Comunidade Galega na estación de verán 2014 para estacións situadas por debaixo e por enriba dos 1000 metros de altitude respectivamente. Destacan as xornadas do 16 de xuño e o 31 de agosto, nas que principalmente, na provincia de Ourense, se superaron os 30°C.

Temperaturas máximas máis altas rexistradas no verán 2014 por debaixo dos 1000 m de altitude				
InstanteLectura	NombreEstacion	Concello	Provincia	TA (°C)
12/06/2014	EVEGA Leiro	Leiro	Ourense	38.5
13/06/2014	Remuíño	Arnoia	Ourense	38.4
16/07/2014	A Portela	Vilamartín de Valdeorras	Ourense	38.1
12/06/2014	Míllara	Ferreira de Pantón	Lugo	38.0
16/07/2014	Verín-Vilela	Verín	Ourense	36.7
16/07/2014	As Petarelas	Rubiá	Ourense	36.7
13/06/2014	Ourense	Ourense	Ourense	36.2
31/08/2014	Prado	Castrelo de Miño	Ourense	36.2
31/08/2014	Ourense-Estacións	Ourense	Ourense	36.1
16/07/2014	Laza	Laza	Ourense	36.1

Táboa 2: Temperaturas máximas máis altas rexistradas no verán de 2014 a altitude menor de 1000 m.



Temperaturas máximas máis altas rexistradas no verán 2014 por riba dos 1000 m de altitude				
InstanteLectura	NombreEstacion	Concello	Provincia	TA (°C)
31/08/2014	O Invernadeiro	Vilariño de Conso	Ourense	32.3
16/07/2014	A Mezquita	A Mezquita	Ourense	31.8
16/07/2014	San Xoán de Río	San Xoán de Río	Ourense	29.9
16/07/2014	Corzos	A Veiga	Ourense	29.5
31/08/2014	Xurés	Muiños	Ourense	29.4
16/07/2014	Alto do Poio	Pedrafita do Cebreiro	Lugo	29.3
16/07/2014	Casaio	Carballeda de Valdeorras	Ourense	29.2
16/07/2014	Serra do Eixe	O Barco del Valdeorras	Ourense	29.1
16/07/2014	O Cebreiro	Pedrafita do Cebreiro	Lugo	28.3
16/07/2014	Lardeira	Carballeda de Valdeorras	Ourense	26.4

Táboa 3: Temperaturas máximas máis altas rexistradas no verán de 2014 a altitude maior de 1000 m.

Nas táboas 4 e 5 móstranse as temperaturas mínimas máis baixas rexistradas na Comunidade no verán de 2014 para as estacións situadas por enriba e por debaixo dos 1000 metros de altitude respectivamente. No primeiros 10 días do mes de xuño, rexistráronse as temperaturas mínimas máis baixas.

Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no verán 2014 por riba dos 1000 m de altitude				
InstanteLectura	NombreEstacion	Concello	Provincia	TA (°C)
07/06/2014	Cabeza de Manzaneda	Manzaneda	Ourense	1.1
07/06/2014	Xares	A Veiga	Ourense	1.3
10/06/2014	Corzos	A Veiga	Ourense	1.7
05/06/2014	O Invernadeiro	Vilariño de Conso	Ourense	2.0
07/06/2014	Lardeira	Carballeda de Valdeorras	Ourense	2.6
04/06/2014	Ancares	Cervantes	Lugo	3.2
10/07/2014	O Cebreiro	Pedrafita do Cebreiro	Lugo	3.5
05/06/2014	A Mezquita	A Mezquita	Ourense	3.5
05/06/2014	San Xoán de Río	San Xoán de Río	Ourense	4.3
10/06/2014	Serra do Eixe	O Barco del Valdeorras	Ourense	4.9

Táboa 4: Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no verán de 2014 a altitude superior a 1000m.



Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no verán 2014 por debaixo dos 1000 m de altitude				
InstanteLectura	NombreEstacion	Concello	Provincia	TA (°C)
10/06/2014	Calvos	Calvos de Randín	Ourense	-0.5
01/06/2014	Mouriscade	Lalín	Pontevedra	1.2
05/06/2014	Baltar	Baltar	Ourense	1.3
02/06/2014	Lanzós	Vilalba	Lugo	2.2
10/06/2014	Verín-Vilela	Verín	Ourense	2.5
01/06/2014	Morelle	Sarria	Lugo	2.8
23/08/2014	Sambreixo	Guitiriz	Lugo	2.8
10/06/2014	Xinzo	Xinzo de Limia	Ourense	2.9
10/06/2014	Viana do Bolo	Viana do Bolo	Ourense	3.0
05/06/2014	Ventosa	Navia de Suarna	Lugo	3.3

Táboa 5: Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no verán de 2014 a altitude inferior a 1000m.

Na figura 1 móstrase o mapa de temperatura media para o verán de 2014. Nas zonas da alta montaña ourensá e na Serra do Xistral presentaron os valores máis baixos de temperatura, en torno aos 11°C. Na comarca de Valdeorras e no Miño ourensá acadáronse os valores de temperatura máis elevados.

Na figura 2 pode verse o mapa de anomalías de temperatura para este verán. Existe un gran contraste entre as anomalías do norte e as comarcas de Verín e Vigo, con valores de ata 1.5°C e as anomalías negativas da metade sur, que acadaron valores de ata -1.3°C. Ó compensarse estas anomalías, o verán para todo Galicia resultou en conxunto normal.




Figura 1: Temperatura media no verán 2014




Figura 2: Mapa de anomalías de temperatura no verán 2014



2.2. Precipitación

Tras unha primavera lixeiramente seca en canto á precipitación se refire, o verán comezou cun mes de xuño moi influenciado pola presenza dos fenómenos tormentosos do período entre o 19 e o 24, e máis concretamente na tarde do 23. Isto fixo que as cantidades de chuvia recollida fosen irregulares, con áreas nas que se superan os valores climáticos e outras nas que estes se aproximan bastante ás normais.

A continuación viu un mes de xullo que quedou caracterizado como húmido, pero non tanto pola presenza de moitos días de chuvia, como polo feito de que houbo dous sistemas frontais moi activos, os días 6 e 18, que por eles mesmos implican en moitos lugares máis chuvia da normal nun mes de xullo.

O mes de agosto, no conxunto de Galicia, pódese considerar normal, cun gran contraste entre a vertente atlántica (moi húmida) e o resto da Comunidade; ademais, rexistráronse máis días de chuvia dos normais. Estes días de chuvia aconteceron nas primeiras 12 xornadas e nas do 26 e 27, quedando polo tanto un período seco no medio. Dentro das anomalías de chuvia destacan puntos das Rías Baixas e o interior de Pontevedra, onde os sistemas frontais, coa axuda do efecto orográfico, deixaron cantidades que superan o dobre do normal nesta época do ano. Noutros puntos, como o norte de A Coruña, provincia de Lugo, leste e sur de Ourense as cantidades de chuvia acumulada estiveron máis preto da normalidade. As fronteiras máis activas, e polo tanto os días máis chuviosos tiveron lugar o 2, 8, 10 e o 26 do mes, cadrando as chuvias do día 10 cos restos dunha tormenta tropical.

Na táboa 6 móstranse os valores máximos de precipitación acumulada rexistrados neste verán de 2014.



Precipitación máxima estacional no verán 2014			
Estación	Municipio	Provincia	Precipitación (L/m2)
Xesteiras	Cuntis	Pontevedra	538
Muralla	Lousame	A Coruña	515
Cespón	Boiro	A Coruña	407
Coto Muiño	Zas	A Coruña	372
Fornelos de Montes	Fornelos de Montes	Pontevedra	338
Fontecada	Santa Comba	A Coruña	332
Pereira	Forcarei	Pontevedra	313
Labrada	Abadín	Lugo	312
Rebordelo	Cotobade	Pontevedra	292
Castrove	Poio	Pontevedra	278

Táboa 6: Valores máximos de precipitación acumulada no verán de 2014.

Na táboa 7 móstranse os valores mínimos de precipitación acumulada rexistrados:

Precipitación mínima estacional no verán 2014			
Estación	Concello	Provincia	Precipitación (L/m2)
Viana do Bolo	Viana do Bolo	Ourense	33
Porto de Vigo	Vigo	Pontevedra	47
Xinzo	Xinzo de Limia	Ourense	50
As Petarelas	Rubiá	Ourense	52
Corzos	A Veiga	Ourense	55
Verín-Vilela	Verín	Ourense	61
Larouco	Larouco	Ourense	62
Bóveda	Bóveda	Lugo	64
Prado	Castrelo de Miño	Ourense	65
Riós	Riós	Ourense	65

Táboa 7: Valores mínimos de precipitación acumulada no verán de 2014



Na figura 3, móstrase a precipitación total acumulada neste verán de 2014. As Rías Baixas e as rexións da Costa da Morte foron as que rexistraron unha maior precipitación. Se ben, destaca a comarca do Barbanza (na súa vertente cara a ría de Arousa) cunha precipitación acumulada de ata 585 L/m². Os valores máis baixos rexistráronse nalgunhas localidades da provincia de Ourense, destacando a comarca do Valdeorras.




Figura 3: Mapa de precipitación acumulada no verán de 2014.



Na figura 4 móstrase o mapa de anomalías de precipitación en forma de porcentaxe con respecto aos valores normais (1971-2000), sendo 100% a porcentaxe que representa a normalidade. Destaca a comarca de Valdeorras na que se rexistrou ata un 65% menos da precipitación propia do verán. Porén, as comarcas do Barbanza e a de Tabeirós- Terra de Montes foron as que presentaron as porcentaxes máis elevadas, acadándose máis do dobre da precipitación normal propia do verán e mesmo nalgúns puntos do Barbanza, chegándose ó triplo.




Figura 4: Porcentaxe de precipitación acumulada con respecto á media climática no verán de 2014.



3 EVOLUCIÓN HISTÓRICA DA TEMPERATURA E A PRECIPITACIÓN DE VERÁN.

3.1. Temperatura

A temperatura media de verán para Galicia, considerando once estacións meteorolóxicas representativas, presentou unha anomalía positiva de 0.3 °C con respecto ó período climático de referencia 1961-1990 e de 0.2 °C con respecto ó 1971-2000. Como resultado disto tratouse dun verán normal segundo a táboa 1. Isto pódese observar na seguinte táboa:

Temperatura media verán (°C)		
2014	1961-1990	1971-2000
19.0	18.7	18.8

Táboa 8: Comparación entre a temperatura media en verán e a media climática galega.

Na seguinte táboa móstrase a distribución por meses da temperatura media no verán de 2014 para esta serie de referencia.

Temperatura media mensual (°C)			
Mes	2014	1961-1990	1971-2000
xuño	18.0	17.2	17.2
xullo	19.8	19.5	19.6
agosto	19.2	19.4	19.6

Táboa 9: Comparación entre a temperatura media mensual do verán 2014 e as medias mensuais climáticas nos períodos de referencia mostrados.

Como se pode observar os valores dos meses de xullo e agosto estiveron dentro da normalidade con respecto os dous períodos de referencia, mentres que xuño resultou cálido con respecto ós mesmos.

Na táboa 10 pódense observar as temperaturas máximas e mínimas na estación de verán e os seus valores mensuais. Obsérvase que tendo en conta a temperatura máxima, foi normal con respecto ós dous períodos de referencia.



Temperatura media das máximas en verán (°C)		
2014	1961-1990	1971-2000
24.7	24.6	24.6

Táboa 10: Comparación entre a temperatura máxima media en verán e a media climática galega.

Mensualmente, xuño resultou cálido, xullo normal e agosto frío, tendo en conta os dous períodos de referencia 1961-1990 e 1971-2000.

Temperatura media das máximas por mes (°C)			
Mes	2014	1961-1990	1971-2000
xuño	23.8	22.7	22.8
xullo	25.4	25.5	25.5
agosto	25.0	25.5	25.7

Táboa 11: Comparación entre a temperatura máxima media mensual do verán de 2014 e as medias mensuais climáticas nos períodos de referencia mostrados.

En canto ás temperaturas mínimas, o verán pódese considerar normal, cunha anomalía positiva de 0.4 °C con respecto os dous períodos de referencia.

Temperatura media das mínimas en verán (°C)		
2014	1961-1990	1971-2000
13.3	12.9	12.9

Táboa 12: Comparación entre a temperatura mínima media en verán e a media climática galega.

A escala mensual, xuño e xullo resultaron cálidos con 0.6 °C e 0.5 °C por riba da media, respectivamente. Porén, o mes de agosto resultou normal.

Temperatura media das mínimas por mes (°C)			
Mes	2014	1961-1990	1971-2000
xuño	12.2	11.6	11.6
xullo	14.2	13.6	13.7
agosto	13.4	13.3	13.6

Táboa 13: Comparación entre a temperatura mínima media mensual do verán de 2014 e as medias mensuais climáticas nos períodos de referencia mostrados.



Na figura 5 móstrase a evolución da temperatura media dos veráns dende o ano 1961 ao 2014.




Figura 5: Evolución da temperatura media en verán para a serie rexional galega.

A anomalía media para verán en Galicia, obtida a partir das anomalías medias en once estacións meteorolóxicas representativas, foi de 0.2 °C, o que fai que poida considerarse normal.




Figura 6: Anomalías da temperatura media para a serie rexional galega. O período de referencia é o 71-00.



3.2. Precipitación

Na táboa 14 móstranse os valores medios de precipitación acumulada no verán de 2014 ademais dos valores climáticos dos períodos 1961-1990 e 1971-2000. A serie rexional constrúese a partir de dezaseis estacións meteorolóxicas representativas.

Precipitación acumulada estacional (mm)		
2014	1961-1990	1971-2000
140	113	121

Táboa 14: Comparación entre a precipitación acumulada no verán 2014 e os valores climáticos.

A porcentaxe de precipitación neste verán foi un 23% superior respecto ó período 1961-1990 e un 14% superior con respecto ó 1971-2000. Segundo os criterios da táboa 1, considérase un verán húmido.

A precipitación rexistrada mostra en xeral uns meses de xuño e agosto normais e un mes de xullo húmido con respecto ó período de referencia 1971-2000.

Precipitación acumulada por mes(°C)			
Mes	2014	1961-1990	1971-2000
xuño	51	56	53
xullo	50	28	32
agosto	39	29	37

Táboa 15: Comparación entre os valores acumulados de precipitación dos meses de verán e as medias correspondentes aos períodos climáticos.

Na figura 7, pode verse a evolución da precipitación nos veráns do período 1961 a 2014. Asímesmo, na figura 8, móstranse as anomalías de precipitación en verán, xunto coa media móbil de 5 anos.




Figura 7: Precipitación acumulada en verán para a serie rexional galega.

A anomalía media das precipitacións para este verán en Galicia, obtida a partir das anomalías medias en dezaseis estacións meteorolóxicas representativas, foi dun 14% por riba do valor normal, o que fai que poida considerarse húmido. O ano máis próximo cunha precipitación superior foi 2009 (cun 61% máis de precipitación con respecto á media climática).




Figura 8: Anomalías de precipitación en verán para a serie rexional galega. O período de referencia é 1971-2000.